



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 29 DE MARZO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o procedemento de autorización para a implantación de estudos universitarios oficiais de posgrao, conducentes ao título de máster ou doutor.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Celso Fernández López como delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Ourense
- Decreto polo que se nomea a Francisco José Fumega Piñeiro como novo delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Ourense

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar e o Concello de Culleredo para a creación dunha escola infantil municipal 0-3 integrada na Rede Galega de Escolas Infantís (Galescola)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, o Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a construción do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI) e se autoriza ao vicepresidente da Igualdade e do Benestar para representar á Comunidade Autónoma.



- Acordo polo que se autoriza a establecer un anticipo superior ao 10 por cento da subvención, no momento da concesión, na Resolución do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á convocatoria.

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a adxudicación provisional do servizo de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia ao concello de Sober (Lugo)
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do servizo público de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia a Asociación ECCA.

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiado polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), o Instituto de Crédito Oficial (ICO) e as entidades financeiras a través do Plan de Fomento Empresarial 2007.

#### CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara Festa de Galicia de interese turístico na provincia de Lugo Festival Internacional do Emigrante, en Miguel de Reinante (Barreiros).
- Acordo polo que se declara Festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña Romaría de San Ramón de Bealo.

#### CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación que se subscribirá entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o concello de Carballo (A Coruña) para a substitución da herba artificial e a rede de rega no campo de fútbol de Eiroas (Carballo).



## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización da contratación do servizo da rede de telecomunicacións da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo sobre xornada, retribucións e condicións de traballo dos médicos de urxencias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

## INFORMES

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a implantación da persoa acompañante nas rutas de transporte escolar



## A XUNTA DE GALICIA REGULA A IMPLANTACIÓN DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS DE POSGRAO CO FIN DE QUE RESPONDAN A CRITERIOS DE CALIDADE E A UNHA AXEITADA PLANIFICACIÓN

- A implantación destas ensinanzas será autorizada pola Xunta de Galicia, logo de avaliación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e informe do Consello Galego de Universidades
- Os programas oficiais de posgrao ofertarán un número mínimo de prazas non inferior a 20 para os máster profesionais ou académico-profesionais, e de 10 para os máster de perfil académico-investigador e doutoramentos
- É a primeira vez que se regulan estes estudos universitarios en Galicia, implantados oficialmente por vez primeira na Comunidade Autónoma o ano pasado, que supoñen un paso máis na adaptación do sistema universitario galego ao Espazo Europeo de Educación Superior

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establece o procedemento de autorización para a implantación de estudos universitarios oficiais de posgrao conducentes ao título de máster ou de doutor. Así, o obxecto desta normativa é regular un novo marco procedimental para que as universidades galegas, no ámbito da súa autonomía e coa maior flexibilidade, poidan definir a organización, estrutura e contidos dos estudos oficiais de posgrao que consideren implantar, así como obter a garantía de que a oferta destas ensinanzas e títulos oficiais responde a criterios de calidade e a unha adecuada planificación.

Trátase da primeira vez que se regulan estes estudos universitarios en Galicia, implantados oficialmente por vez primeira na Comunidade Autónoma o ano pasado, que supoñen un paso máis na adaptación do sistema universitario galego ao Espazo Europeo de Educación Superior

En virtude deste decreto, a implantación de ensinanzas universitarias integradas nun programa oficial de posgrao por parte das universidades galegas farase en función das súas disponibilidades orzamentarias, e será autorizada pola Xunta de Galicia, logo de avaliación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) e informe do Consello Galego de Universidades.

Neste senso, os programas oficiais de posgrao que as universidades soliciten implantar deberá cumprir os requisitos establecidos particularmente no Real decreto 557/1991, do 12 de abril, sobre creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios. Ademais, co fin de garantir unha oferta equilibrada, de calidade e con pertinencia para Galicia, estes programas terán que reunir os seguintes

requisitos: ter pertinencia socioeconómica para Galicia; e non coincidir con obxectivos e contidos doutros programas oficiais de posgrao existentes na mesma universidade, co fin de evitar a multiplicidade de títulos.

Ademais, os programas oficiais de posgrao xustificarán o encadre da proposta dentro da oferta global galega, co fin de garantir o equilibrio nos diferentes campus e nas áreas científicas proporcionado ao seu grao de desenvolvemento; e ofertarán un número mínimo de prazas non inferior a 20 para os máster profesionais ou académico-profesionais, e de 10 para os máster de perfil académico-investigador e doutoramentos. Nos máster de especialización profesional ou académico-profesional, polo menos o 50% dos créditos serán impartidos por profesorado co título de doutor, e nos de perfil académico-investigador esta porcentaxe será polo menos do 90%.

O decreto aprobado hoxe establece tamén que para autorizar a implantación de estudos universitarios de posgrao en centros de ensinanza superior de titularidade privada ou pública, estes deberán estar adscritos a unha universidade pública ou estar integrados, como centros propios, nunha universidade privada.

#### Solicitud de autorización

A solicitude de autorización de implantación dun programa de posgrao será presentada ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo/a reitor/a correspondente, antes do 30 de novembro do ano anterior ao que se queira implantar. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Consellería, e deberán conter os seguintes datos: denominación do programa; títulos aos que conduce; e responsable do programa. Ademais, a solicitude terá que ir acompañada da certificación do acordo do Consello Social de cada universidade participante proponendo a implantación da ensinanza ou, no caso das universidades privadas, do órgano desta que imparta a competencia para efectuar a proposta; certificación do acordo de aprobación do programa oficial de posgrao no que se integran as ensinanzas, polo Consello de Goberno de cada universidade participante; e xustificación documental do cumprimento dos requisitos de autorización de implantación.

Outro documento que deberá acompañar á solicitude, segundo este decreto, é a memoria xustificativa da implantación da ensinanzas de posgrao, que incluírá, como mínimo, os aspectos xerais do programa de posgrao, xustificación da implantación deste, programa de formación, organización e xestión, persoal académico, recursos e servizos, sistemas de garantía da calidade, e viabilidade económica e financeira. Ademais, cando se trate de programas oficiais de posgrao onde colaboren outras institucións, organismos públicos ou privados ou empresas, deberase presentar a



autorización da colaboración polo órgano competente da universidade e o acordo de colaboración que se subscribise.

O decreto aprobado hoxe recolle que, cando se trate de programas interuniversitarios, se a universidade coordinadora é unha universidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG) presentará a súa solicitude e tamén a/as solicitude/es e demais documentación que deben achegar as universidades participantes, de forma que se tramitará un único expediente por programa. No caso dos programas interuniversitarios coordinados por universidades de fóra do SUG, as universidades galegas solicitarán á Xunta de Galicia a autorización, como universidades participantes, para a implantación da ensinanza de que se trate. Ademais da documentación complementaria, á solicitude deberase acompañar o convenio de colaboración entre as universidades participantes.

#### Autorización e avaliación

Os expedientes serán remitidos á ACSUG, que procederá á súa avaliación. Ademais, a Consellería de Educación someteraos ao informe do Consello Galego de Universidades. Á vista dos informes emitidos, procederase, se é o caso, á autorización da implantación da ensinanza, a través de decreto do Consello da Xunta. A Administración educativa autonómica informará o Consello de Coordinación Universitaria respecto dos programas de posgrao de nova implantación para o curso académico seguinte, que serán publicados cos seus correspondentes títulos no Boletín Oficial del Estado (BOE).

Unha vez implantados, os programas oficiais de posgrao serán avaliados pola ACSUG de acordo cos criterios, indicadores e estándares de calidade requiridos para a acreditación dos respectivos estudos que o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) determine.

## O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 300.000 EUROS ÁS LIÑAS DE AXUDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN E FORMACIÓN A PROL DAS MULLERES

- O Consello da Xunta autorizou a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos
- A liña de axudas inclúe o financiamento para centros de atención especializada, para os recursos especializados e para a promoción de actividades, ademais dos programas de formación
- As subvencións para os programas de formación están destinadas a apoiar programas que teñen como obxectivo a inserción laboral das mulleres impulsando a súa cualificación naquelas profesións nas que se atopan subrepresentadas

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a convocatoria por parte do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller (SGI), adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, da liña de axudas para a realización de programas de promoción e formación a prol das mulleres por parte de concellos. Para este fin destinaranse un total de 325.000 euros. Ademais, a esta iniciativa hai que sumarlle a liña de axudas para o mesmo concepto aprobada a pasada semana no Consello da Xunta, que supón 1.654.466 para as entidades de iniciativa social.

As subvencións para os programas de formación están destinadas a apoiar programas que teñen como obxectivo a inserción laboral das mulleres, no rol de asalariadas ou de traballadoras autónomas, impulsando a súa cualificación naquelas profesións nas que se atopan subrepresentadas e que sexan demandadas polo mercado de traballo. Tamén se recollen programas de formación ocupacional coordinados con actividades de orientación profesional e plans de fomento da economía social e a promoción de empresas, así como o apoio a programas de formación en novas tecnoloxías para mulleres, nomeadamente os que apostan polo desenvolvemento sustentable. Así mesmo, subvencionaranse outros proxectos formativos de carácter singular que poidan achegar un valor engadido ás accións anteriores. Como novidade, dentro destas ordes apoiaranse aqueles programas de formación que contribúan a sacar ao mercado e aos servizos públicos os labores de coidado que realizan maioritariamente as mulleres de xeito gratuíto nos fogares.

As destinatarias das accións formativas serán as mulleres desempregadas e por primeira vez tamén as inactivas que poidan acreditar esta situación, dando preferencia ás mulleres que sufran situacións de violencia de xénero ou de exclusión social ou que teñan responsabilidades familiares non compartidas, así como ás que



desexen incorporarse á vida laboral despois dunha interrupción causada pola dificultade de compaxinar a súa vida familiar e laboral.

#### Conciliación

Para facilitar ás alumnas a conciliación da formación e a vida familiar, ademais dos gastos imputables aos cursos, establécense coma gastos subvencionables os que se deriven da prestación de servizos de gardería ou asistencia domiciliaria no horario lectivo, en caso de ter unha persoa dependente ao cargo. Ademais, prevense bolsas para alumnas cun mínimo do 33% de discapacidade acreditada, e axudas de transporte para aquelas mulleres que residan a máis de 3 km do lugar onde se imparta o curso.

Ao abeiro desta orde, poderanse financiar o 100 por cento dos custos de accións formativas deseñadas con base nos contidos dos programas formativos oficiais de formación profesional, accións formativas incluídas no directorio do Servizo Galego de Igualdade de formación socio-laboral para mulleres, e as non incluídas nos puntos anteriores pero que teñan carácter experimental ou innovador. Todas as accións formativas incluírán obrigatoriamente un módulo de igualdade de oportunidades e outro de orientación e información profesional.





## A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR INVESTIRÁ 425.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN VILABOA, NO CONCELLO DE CULLEREDO

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre este municipio coruñés e o departamento autonómico

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura do convenio colaboración entre a Vicepresidencia e o Concello de Culleredo para a construción dunha escola infantil para nenos e nenas de ata 3 anos en Vilaboa.

As obras para a creación do centro, que contará con 4 unidades, teñen un orzamento inicial de 531.000 euros, dos que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asume 424.823 euros e o municipio os restantes 106.205, que servirán para cofinanciar o proxecto, as obras de edificación e a urbanización do contorno perimetral á escola infantil. Neste senso, o municipio obrígase tamén a pór a disposición o solo necesario de titularidade municipal libre de toda carga.

Segundo recolle o convenio autorizado hoxe, a escola infantil de Vilaboa pasará a incluírse na Rede Galescola, que está a impulsar a Xunta e que implica a posta en marcha de 121 centros de atención aos nenos e nenas de 0 a 3 anos en Galicia.

Así mesmo, esta galescola vaise integrar no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dentro do que se establecerán os mecanismos precisos para darlle un marco xeral financeiro estable de cara ao futuro. Así, a Xunta de Galicia comprométese a achegar cada ano un máximo do 40% para o sostemento deste servizo, correspondéndolle un mínimo do 30% aos concellos e outro tanto aos usuarios.



## A XUNTA E O MINISTERIO DE TRABALLO COLABORARÁN NA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO GALEGO DE DESENVOLVEMENTO INTEGRAL (CEGADI), EN COMPOSTELA

- O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura do convenio polo que se construírá o centro que contará cun investimento global de 8 millóns de euros e estará finalizado en 2008
- Este centro configúrase como unha solución residencial-asistencial para mellorar e posibilitar a integración sociolaboral dos dependentes con discapacidade física

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais -a través do Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO)- e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta para a construción do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI), que se realizará en Santiago de Compostela. Trátase dun centro que se configura como unha solución residencial-asistencial para mellorar e posibilitar a integración sociolaboral, técnica e cultural das persoas con discapacidade física -prioritariamente daquelas con dependencia severa- ou que precisen da axuda de terceiras persoas ou das adaptacións tecnolóxicas de apoio para o desenvolvemento normalizado da súa vida diaria.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Imsero investirán un total de oito millóns de euros neste proxecto entre 2007 e 2008. Neste ano, tanto o departamento autonómico como o estatal achegarán un orzamento de 1.400.000 euros cada un, mentres que en 2008 destinarán para o CEGADI 2.100.000 euros cada un.

### Características

O Centro Galego de Desenvolvemento Integral construírase en Santiago de Compostela. Trátase dun centro para persoas dependentes con discapacidade física, no que se garantirán as condicións de uso e de habitabilidade axeitadas para persoas con dependencia. No CEGADI promoverase a autonomía persoal destas persoas, ofrecéndolles o apoio necesario en situacións de dependencia, e incluíranse os servizos de rehabilitación e mantemento físico e social (centro de día), servizos habitacionais (centro residencial para estudantes), servizos de formación e de centro de referencia, investigación, desenvolvemento e innovación en axudas técnicas para persoas con discapacidade, así como a figura do asistente persoal como recurso de apoio. Mediante o convenio que asinarán Xunta e Ministerio de Traballo establecerase como responsabilidade da Xunta a elaboración do proxecto, a contratación da obra e a súa dirección técnica. O convenio que se asinará terá vixencia ata o 31 de decembro de 2008.



## A XUNTA ADXUDICA AO CONCELLO DE SOBER UNHA FRECUENCIA DE RADIO MUNICIPAL

- Por outra banda, o Consello autorizou a prórroga da licenza de radio á Asociación ECCA en Pontevedra

O Consello da Xunta adxudicou a autorización provisional do servizo de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia ao Concello de Sober (Lugo). Este outorgamento habilita ao concello para a posta en marcha dunha emisora, na frecuencia HEFM 37.5.

A concesión definitiva está supeditada á aprobación previa do proxecto técnico, á realización das obras de instalación correspondentes, así como á posterior inspección e autorización da posta en funcionamento ao abeiro de Real Decreto 1273/1992, normativa estatal que regula o outorgamento das concesións e asignacións de frecuencias para a explotación do servizo público de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencias polas corporacións locais.

Por outra banda, o Consello da Xunta concedeu tamén hoxe a prórroga da frecuencia 96,5 Mhz á Asociación ECCA, na provincia de Pontevedra. Esta prórroga á esta organización educativa terá vixencia ata o mes de abril de 2017.



## O IGAPE APOIARÁ A ACTIVIDADE DE EMPRENDEDORES, MICROEMPRESAS E PEMES NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO EMPRESARIAL 2007 DO INSTITUTO DE CRÉDITO OFICIAL

- O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe un convenio de apoio financeiro aos investimentos das pequenas empresas de Galicia financiado polo IGAPE, o Instituto de Crédito Oficial (ICO) e as entidades financeiras
- O IGAPE subsidiará préstamos ou contratos de leasing concedidos nas liñas habilitadas polo ICO por importe superior a 25.000 euros e destinados a financiar investimentos impulsados en Galicia

Emprendedores, microempresas ou pemes que impulsen investimentos contando con financiamento do Plan de Fomento empresarial 2007 do Instituto de Crédito Oficial (ICO) poderán obter subsidiación adicional do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) grazas ao convenio que se asinará entre os ditos organismos e as entidades financeiras adheridas, cuxa sinatura foi hoxe autorizada polo Consello da Xunta.

Ao abeiro deste acordo, o Igape subsidiará préstamos ou contratos de leasing concedidos nas liñas habilitadas polo ICO por importe superior a 25.000 euros e destinados a financiar investimentos impulsados en Galicia por emprendedores con empresas constituídas a partir do 1 de xullo de 2006 ou por pemes –liña Peme ou liña Crecemento-, ou tamén os investimentos impulsados por empresas galegas fora do territorio do Estado español.

A subsidiación de tipo de xuro nominal das operacións de préstamo ou leasing acollidas a este convenio será do 0,65% con carácter xeral, aínda que poderá chegar ao 0,90% cando a operación subsidiada estea avalada por unha Sociedade de Garantía Recíproca (SGR). O prazo de presentación de solicitudes ao abeiro deste convenio de apoio financeiro rematará o 28 de febreiro de 2008.

Os préstamos ou contratos de leasing subsidiado poderán cubrir ata o 70% do investimento en activos produtivos novos na liña de Crecemento empresarial, destinada a pemes que contasen cun cadro de persoal de 50 ou máis persoas a 31 de decembro de 2006.

Polo que se refire ás liñas Ico-Peme e Internacionalización, o financiamento subsidiado pode cubrir ata o 80% dos investimentos. Na liña ICO-Peme o financiamento será para investimentos realizados polas pemes en Galicia, mentres que na liña Internacionalización poderán ser beneficiarias dos préstamos subsidiados aquelas pemes con forma xurídica de sociedade mercantil ou cooperativa que teñan o seu



domicilio social en Galicia ou que, estando domiciliadas fóra da comunidade autónoma, contén con maioría de capital galego.

A porcentaxe de investimento en novos activos produtivos cuberto polas liñas de financiamento Igape-ICO pode chegar ao 90%, cando os proxectos estean impulsados por emprendedores.



## A ROMARÍA DE SAN RAMÓN DE BEALO, EN BOIRO, E O FESTIVAL INTERNACIONAL DO EMIGRANTE, EN REINANTE (BARREIROS), SON DECLARADOS FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

- Así o acordou o Consello da Xunta na súa reunión semanal deste xoves

O Consello da Xunta declarou hoxe como festa de Galicia de interese turístico a Romaría de San Ramón de Bealo, no concello de Boiro, logo de que a Consellería de Innovación e Industria elevase a proposta ao Consello. A Consellería entende, á vista da memoria explicativa e da documentación achegada polo Concello de Boiro, que este acontecemento, cuxos orixes datan da segunda metade do século XVII, se consolidou nos últimos anos como a máis importante das festas campestres do sur desta provincia, polo que informou favorablemente a solicitude do Goberno municipal. A Comisión de Valoración de Festas de Galicia de Interese Turístico acordou o pasado 12 de marzo elevar a súa proposta de declaración da festa como de interese turístico ao Consello da Xunta.

O Consello tamén declarou de interese turístico o Festival Internacional do Emigrante, que se celebra en San Miguel de Reinante, no concello lugués de Barreiros, o primeiro sábado de agosto. A Consellería de Innovación e Industria estimou favorable esta declaración para o festival, organizado pola asociación folclórica "O Arco da Vella" dende 1980. O Festival Internacional do Emigrante acolle grupos de danza e música folclórica de todos os continentes así como doutras comunidades do Estado e cumpre os requisitos de antigüidade, singularidade, arraigamento e valor cultural precisos para a súa declaración como festa de Galicia de interese turístico.



## A XUNTA FINANCIA CON 430.000 EUROS A SUBSTITUCIÓN DA HERBA ARTIFICIAL E A REDE DE REGA DO CAMPO DE FÚTBOL DAS EIROAS EN CARBALLO

- O Consello aproba a sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Carballo, que realiza unha achega de 90.000 euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Carballo para levar a cabo a substitución da herba artificial e a rede de rego no campo de fútbol das Eiroas por un valor de máis de 520.000 euros. A Xunta realiza unha achega económica de máis 430.000 euros en colaboración co Goberno local, que facilita un total de 90.000 euros.

Con esta intervención deportiva, a Consellería de Cultura e Deporte pretende complementar o equipamento deportivo existente no concello coruñés. Así mesmo, esta actuación enmárcase no obxectivo deste departamento autonómico de mellorar as infraestruturas do país a través de actuacións de apoio en traballos de reforma, de acondicionamento ou de remate de instalacións deportivas básicas ou de interese federativo.

A Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral para o Deporte, colabora nesta intervención ao considerar que o Concello de Carballo fomenta a creación dun gran número de clubs de fútbol de todas as categorías, favorecendo as que agrupan a deportistas de base, e ao comprobar que o campo de fútbol das Eiroas consitúe o epicentro da actividade deportiva municipal.



## A XUNTA INVISTE 28,4 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA DE TELECOMUNICACIÓNS DE SANIDADE E DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- A actual rede da servizo a 407 centros e 30.000 profesionais
- O contrato, que deberá asinarse antes do 1 de xullo, terá un prazo de execución de tres anos
- Este novo concurso mellorará as comunicacións ao permitir a integración plena de todos os servizos de comunicación e telecomunicación nunha única rede
- Lograrase a integración plena de todos os servizos nunha única rede, o que implica a interconexión de cinco redes (datos, telefonía fixa, móbiles, sistema buscapersoas e Internet)
- A rede de acceso posibilitará aos hospitais e centros de saúde interconectarse entre si e intercambiar datos de carácter clínico ou administrativo
- Cuadruplicase o largo de banda dispoñible na actualidade, pasándose dos 10 Mbps actuais ata 44 Mbps

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a contratación do Servizo da Rede de Telecomunicacións da Consellería de Sanidade e de Servizo Galego de Saúde por un importe total de 28.418.000,20 euros cunha adxudicación tramitada cun concurso aberto. A través deste investimento, melloraránse as comunicacións coas que conta a Administración sanitaria galega xa que se interconectarán nunha única rede un total de cinco redes distintas (datos, telefonía fixa, móbiles, sistema buscapersoas e Internet)

O contrato actualmente en vigor finaliza o vindeiro 30 de xuño e o novo contrato, que se formalizará tras a adxudicación, terá que asinarse antes do 1 de xullo. O prazo de execución do contrato será de tres anos e unir nun único contrato todos os servizos de telecomunicacións existentes, o que ademais de facilitar a xestión, permitirá conseguir maiores prestacións sen incrementar o custo.

A rede de telecomunicacións da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde presta servizo na actualidade a 407 centros de traballo mediante 1.039 circuitos e 1.213 equipos de telecomunicacións. Dá servizo a máis de 30.000 profesionais. Para manter os actuais servizos de telecomunicacións, así como para a integración de novos centros e a ampliación das redes existentes, resulta preciso dispor dun Servizo de Telecomunicacións que permita aos profesionais destas organizacións acceder aos seguintes recursos: rede de datos, telefonía fixa, telefonía móbil e sistema buscapersoas, e acceso a internet e intranet. Para poder garantir estas funcións é preciso contar cun servizo de monitorización e xestión de todos os elementos que conforman esta rede.





#### Mellora da infraestrutura actual

Este novo concurso permitirá a integración plena de todos os servizos de comunicación e telecomunicación nunha única rede.

Coa resolución deste concurso lograrase a integración plena de todos os servizos nunha única rede, o que implica unha dificultade técnica alta porque supón a interconexión de cinco redes (datos, telefonía fixa, móbiles, sistema buscapersoas e internet) que na actualidade están instaladas en todos os centros de Atención Primaria e de Especializada e do Servizo Galego de Saúde, así como nos servizos centrais e administrativos da Consellería de Sanidade.

A necesidade dos e das profesionais e usuarios e usuarias dos servizos sanitarios é cada vez maior, incrementándose fortemente a demanda de largo de banda nos circuítos de datos debido á demanda que están provocando os proxectos de Historia Clínica Electrónica ou a Imaxe Dixital.

A rede actual conta con liñas que interconectan sete nodos situados nos complexos hospitalarios das sete grandes cidades de Galicia. A rede troncal evolucionará a tecnoloxía DWDM, o que incrementará notablemente o largo de banda, pasando dende os 9 Gbps actuais ata 76 Gbps.

Ademais, permitirá que toda a información existente nos centros hospitalarios e centros de saúde sexa replicada e en tempo real, no Centro de Proceso de Datos do Centro de Servizos Tecnolóxicos, situado en Santiago de Compostela. A rede de acceso posibilita aos hospitais e centros de saúde interconectarse entre si e intercambiar datos de carácter clínico ou administrativo. Nestes centros realizarase un incremento na velocidade de acceso dun 100 por cento.

No referido á telefonía, a Consellería de Sanidade desenvolveu unha rede de telefonía IP (Volp) á que se conectan 256 centros e máis de 15.000 terminais telefónicos. Isto permite a realización a través da rede IP de chamadas sen custo entre os centros da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde (máis de catro millóns de chamadas e un aforro de máis de 270.000 euros anuais, un 24 por cento da facturación). Co novo contrato, esta funcionalidade incrementarase ata as 18.000 extensións, incorporando á rede 100 novos centros; tamén permitirá dispoñer de tarifa plana en telefonía fixa e móbil, de xeito que duración do contrato, o gasto en telefonía se manteña estable.

Outro obxectivo é a actualización das centraliñas así como a renovación daquelas de obsolescencia tecnolóxica, que non garanten a prestación axeitada ao servizo. Tamén se conseguirá a renovación tecnolóxica do parque de telefonía móbil existente, 1.800 terminais, que serán substituídos por novos teléfonos móbiles.



Refórzase ademais a plataforma de envío de SMS masivos, que permitirá realizar, dende as aplicacións corporativas, envíos automáticos de SMS aos usuarios e usuarias, con diversas finalidades: recordatorio de cita, campañas de prevención, aviso relacionados con alerxias, recordatorios a enfermos crónicos, entre outros).

Outro obxectivo importante que se conseguirá será o de crear unha plataforma unificada do Sistema de Buscapersoas existente actualmente, abrindo a súa evolución cara ás novas tecnoloxías inalámbricas.

A través do acceso corporativo a Internet préstanse ao cidadán servizos dispoñibles na web corporativa, [www.sergas.es](http://www.sergas.es), como cita previa, cambio de médico, trámites con tarxeta sanitaria, entre outros. Este acceso, que usan máis de 30.000 profesionais, é cada vez máis importante polo que se cuadriplica o largo de banda dispoñible na actualidade, pasándose dos 10 Mbps actuais ata cando menos 44 Mbps, que se conseguirán a través de dúas liñas de comunicacións redundantes, garantíndose así a continuidade do servizo.



## APROBADO O ACORDO QUE MELLORA AS CONDICIÓN S DE TRABALLO DOS MÉDICOS DE URXENCIAS HOSPITALARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O documento, asinado entre o Servizo Galego de Saúde e os sindicatos, regula a xornada, as retribucións e as condicións de traballo deste sector
- A xornada ordinaria mínima será de 1.430 horas anuais efectivas e a xornada complementaria abranguerá ata o límite de 48 horas semanais de media en cómputo semestral
- Con base neste acordo, incrementarán as súas retribucións cunha serie de complementos novos adecuados á prestación
- Un total de 300 profesionais beneficiaranse deste acordo de mellora

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo asinado polo Servizo Galego de Saúde e coa unanimidade das organizacións sindicais presentes na Mesa Sectorial de Sanidade (CIG, CEMSATSE, CSI-CSIF, CCOO e UXT) relativo á regulación das melloras en materia de xornada, retribucións e condicións de traballo dos médicos de urxencia hospitalaria do Servizo Galego de Saúde.

Esta nova regulación fixa un marco homoxéneo de ordenación das condicións de traballo e retributivas dos profesionais médicos de urxencias hospitalarias con vínculo estatutario aplicable á xornada de traballo, horario, retribucións ou programación funcional, fundamentalmente. Son ao redor de 300 profesionais, e están en activo nos seus postos de traballo os 365 días ao ano e as 24 horas ao día cunha actividade diferente á expectativa ou gardas.

Unha das principais consecuencias do acordo será a adecuación do réxime de xornada e retribucións á actividade asistencial que se presta. Por isto, determínanse os límites máximos e mínimos da xornada en termos anuais. A xornada ordinaria mínima será de 1.430 horas anuais efectivas e a xornada complementaria abranguerá ata o límite de 48 horas semanais de media en cómputo semestral. Esta xornada distribuirase mensualmente entre 130 e 190 horas. Complementábase coa posibilidade de accións de mobilidade de posto e adecuación horaria.

Por outra banda, a implantación deste novo modelo supón un incremento con respecto ao modelo actual de 746.824,69 euros no exercicio 2007 pois aínda que os médicos de urxencias hospitalarias xa perciben as mesmas retribucións que os facultativos especialistas, con base neste acordo, incrementarán as súas retribucións cunha serie de complementos novos adecuados á prestación. Trátase de complementos vinculados aos conceptos de rotación, nocturnidade, festividade e extensión da xornada, que se ordenará con base nun criterio xeral, xa que actualmente é desigual nos centros.



## 0 100 POR CENTO DAS RUTAS DE TRANSPORTE ESCOLAR QUE O PRECISAN DISPORÁN DE ACOMPAÑANTE NO MES DE ABRIL, UN TOTAL DE 2.104 RUTAS

- Deste xeito, A Administración educativa adiantase un curso á normativa, que fixa a completa incorporación desta figura para o ano académico 2007/2008
- Pasarase nun ano de 109 rutas a 2.104, case 20 veces máis
- A totalidade de 2.104 rutas de transporte que o precisan contarán con esta figura

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou esta mañá ao Consello da Xunta de que a figura da persoa acompañante no transporte escolar estará totalmente implantada o vindeiro 1 de abril, nas rutas que así o precisan. A máxima responsable do departamento educativo galego explicou que ao coincidir esta data coas vacacións de Semana Santa, o transporte reanudarase o 10 de abril, polo que nesta data, todas as rutas que necesitan unha persoa acompañante contarán con esta figura.

A normativa establece que a implantación desta figura debe estar completada durante o curso 2007/2008, polo que o Goberno galego anticipase un curso á data fixada.

A Administración galega culmina deste xeito un proceso impulsado polo Goberno en abril de 2006, cando poucos meses despois de tomar posesión, dotou de persoa acompañante a 1.245 rutas, incrementándoas en máis do 1.200% con respecto ás 109 existentes naquel momento. O total de rutas de transporte escolar é de 5.022, das cales 2.104 precisan da persoa acompañante. Tras a incorporación desta figura a 636 rutas a partir de setembro de 2006, o Goberno galego completa a súa implantación en abril nas 114 rutas restantes.

A persoa acompañante garante a seguridade e a calidade do transporte escolar, entendido como un servizo educativo complementario, á vez que un elemento imprescindible na conciliación da vida laboral e familiar. Esta figura recibe unha charla formativa, impartida por persoal técnico dos Servizos de Recursos Educativos Complementarios e Riscos Laborais, na que se marcan as pautas a seguir. Ademais, as persoas acompañantes reciben por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria material para o desenvolvemento do seu traballo, como unha mochila, un manual básico, un chaleco identificativo, un botiquín profesional de primeiros auxilios e unha guía de información e incidencias.

Coa persoa acompañante totalmente implantada nas rutas que o necesitan, o investimento destinado a esta acción ascende a 15 millóns de euros anuais.



## FRANCISCO XOSÉ FUMEGA PIÑEIRO NOMEADO NOVO DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVIMENTO SOSTIBLE NA PROVINCIA DE OURENSE

- O Consello da Xunta aprobou este xoves o decreto polo que se nomea o novo delegado de Medio Ambiente nesta provincia

O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Francisco Xosé Fumega Piñeiro como novo delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Ourense. Francisco Xosé Fumega Piñeiro substitúe no cargo a Celso Fernández López.

Natural do Carballiño, Francisco Xosé Fumega Piñeiro é licenciado en Xeografía e Historia, na especialidade de Xeografía Aplicada, pola Universidade de Santiago de Compostela. En 1996, Fumega Piñeiro defendeu a súa tese doutoral na Facultade de Xeografía e Historia obtendo a máxima cualificación.

Desde pouco despois de obter a súa licenciatura, o novo delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense desenvolveu unha intensa actividade académica impartindo docencia en diferentes disciplinas relacionadas coa xeografía na Universidade Nacional a Distancia e na Escola Superior Gallaecia, institución esta última na que chegou a dirixir o Departamento de Ecoloxía.

A partir de 2004 e ata a actualidade, Fumega Piñeiro desempeñou o cargo de presidente do Consello Científico da Escola Superior Gallaecia de ensino universitario en Portugal.

Paralelamente, Francisco Xosé Fumega Piñeiro destaca pola súa actividade investigadora e participou na elaboración de diferentes proxectos de investigación promovidos pola Universidade de Santiago de Compostela e por outras institucións da Comunidade Autónoma e de Portugal. O novo responsable de Medio Ambiente en Ourense conta, así mesmo, con numerosas publicacións especializadas en Xeografía e noutras áreas concretas como arqueoloxía, demografía ou ecoloxía